



Programa de actividades complementarias musicais para o ensino moañés

Desde a Concellería de Ensino entendemos a educación obrigatoria como un ámbito de socialización no que, ademais de adquirir as necesarias destrezas académicas, o alumnado se forma como cidadán coñecedor do seu contorno e das súas tradicións.

Sendo conscientes da importante tradición musical do noso concello, consideramos de interese promover un achegamento a toda a poboación escolar de Moaña dos diferentes estilos musicais e das conexión que ten a nosa vila coa música.

Este é o motivo que nos leva a unificar as actividades musicais que organiza o Concello en colaboración coa Deputación, con diversas asociacións e cos centros de ensino.

A seguinte programación será posta en común nunha xuntanza o xoves 2 de novembro ás 20:15h na Casa a Mocidade na que participará o profesorado de música dos centros de ensino moañeses, representación da Escola Municipal de Música, da Escola de Música Tradicional e as asociación moañesas CCMUS (Centro creativo e musical) e A Ghudalla (organizadora do Festival de Jazz de Moaña).

Propoñeranse as seguintes actividades para os centros de ensino:

Visita á Escola de Música Tradicional.

Dentro do programa Aprende Moaña o alumnado de 1º de primaria de todos os centros moañeses realizará una visita na que coñecerá a nosa tradición musical da man do mestre gaitero Xavier Blanco, que ensinará os instrumentos “pobres” da súa Aula de Catalogación interpretando con eles melodías tradicionais. Seguirase o seguinte calendario:

CEIP de Tirán	CEIP Abelendo	CEIP Quintela	CEIP Seara	CEIP Reibón	CEIP A Guía	Ceip Domaio
14/11/17	23/01/18	27/02/18	13/03/18	16/04/18 17/04/18	24/10/17	24/10/17

Conto musical da Escola Municipal de Música.

Dentro do programa Aprende Moaña o profesorado da Escola Municipal de Música preparará, como é habitual todos os anos, un conto musical no que, a través da narración, o alumnado descubra os sons dos diferentes instrumentos.



Esta actividade desenvolverase no Auditorio Daniel Castelao de Quintela e dirixirase ao alumnado de Educación Infantil e primeiros cursos de Educación Primaria de Moaña.

Previamente, no mes anterior aos concertos didácticos, distribuirase entre o profesorado de música dos colexios de Moaña a partitura dalgún tema do concerto para que sexa traballada en clase con antelación.

Está previsto que as actuacións teñan lugar no mes de maio de 2018.

Concertos didácticos nas escolas.

Promovidos polo CCMUS e subvencionados pola Deputación de Pontevedra.

Os cuartetos **Dextrum Ensemble** e **BBclars Quartet** achegará a música clásica aos sete colexios públicos de Moaña.

A actividade terá lugar entre o 8 e o 16 de marzo coa presenza do cuarteto en todas as escolas, dedicando una xornada a cada una delas.

Calendario:

CEIP de Tirán	CEIP Abelendo	CEIP Quintela	CEIP Seara	CEIP Reibón	CEIP A Guía	Ceip Domaio
14/03	12/03	13/03	16/03	8/03	15/03	9/03

Concertos didácticos de Jazz.

A asociación xuvenil A Ghudalla, organizadora do Festival de Jazz de Moaña, distribuirá unha unidade didáctica sobre o jazz entre o profesorado de música para desenvolvela antes dos catro concertos didácticos, previstos para o 19 e 20 de febreiro no auditorio do IES As Barxas (dous concertos cada día).

A formación que participará nos concertos estará formada por Xacobe Martínez (contrabaixo), Xosé Miguélez (saxo), Manuel Cebrián (guitarra) e Iago Fernández (batería).

Esta actividade está dirixida para alumnado da ESO e tamén de 5º e 6º de primaria.

19/02/18 10:00h	19/02/18 12:00h	20/02/18 10:00h	20/02/18 12:00h
CEIP Reibón CEIP P. de Domaio CEIP A Guía (176)	IES As Barxas	IES A Paralaia	CEIP Seara CEIP P. de Tirán CEIP Abelendo CEIP Quintela (147)